

# XXXVI FEIRA DO VIÑO QUIROGA



CONCELLO DE  
QUIROGA



XUNTA  
DE GALICIA



Real Banda de Gaitas  
da Deputación de Ourense



FEIRA do VIÑO  
de QUIROGA



Geopark Project



FEIRA do VIÑO  
de QUIROGA



CONCELLO DE  
QUIROGA



Proxecto Xeoparque

# 31 MARZO 1 ABRIL 2018

QUIROGA, CONCELLO DE INTERESE TURÍSTICO

## Saúda do alcalde

*Veciños/las e visitantes:*

*Benvidos á trixésimo sexta Feira do viño de Quiroga. Un ano máis, teño o pracer de presentarlles o programa de actos deste certame de recoñecida fama e prestixio grazas aos excelentes atributos dos caldos cultivados no fértil Val de Quiroga.*

*A XXXVI Feira do viño de Quiroga preséntase cunhas excelentes perspectivas debido á calidade dos froitos e ao esmero e sabedoría dos viticultores na elaboración do produto. Ambos feitos contribuirán de xeito decisivo ao agardado éxito desta nova edición.*

*Na actualidade vivimos un período de expansión dos viños galegos, especialmente dos da Ribeira Sacra. A isto contribúe o gran potencial cualitativo do medio climático onde se crían, que se traduce nuns viños singulares nos que se detecta o “terroir” e as variedades autóctonas. Viños que falan dun lugar e dunha tradición perfectamente adaptados ás esixencias do mercado actual.*

*A Feira do Viño será, un ano máis, un escaparate enolóxico, pero tamén turístico e cultural, porque Quiroga, ademais do seu viño, pode ofrecer unha rica e variada gastronomía no medio dun marco de incomparables valores naturais que propiciaron a presentación de candidatura para a declaración de Xeoparque Mundial da UNESCO xunto aos Concellos de Ribas de Sil e Folgoso do Courel.*

*A participar e a gozar desta experiencia multisensorial, quedan todos convidados.*

*Deséxolles boa festa a todos. Un saúdo!*

*Julio Álvarez Núñez  
Alcalde*

## Comisión organizadora

**Presidente de Honor**

D. Julio Álvarez Núñez

Dna. Ana M<sup>a</sup> Núñez García

Dna. M<sup>a</sup> Dolores Sánchez Durán

D. José Ángel Rodríguez Raposo

D. Andrés Novoa Arza

D. José Enriquez Álvarez

D. José Luis Rivera Castro

Dna. Rosa M<sup>a</sup> Arza Rodríguez

## Colleiteiros

1. GASPAR ÁLVAREZ NOGUEIRA  
AS MEDAS

2. ELÍAS GONZÁLEZ MOURELO  
CARBALLO DE HOSPITAL

3. ANTONIO VÁZQUEZ LÓPEZ  
SAN XULIÁN DE ABAIXO

4. JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ LAGO  
SAN XULIÁN DE ABAIXO

5. MARÍA OLIVA CAO EXPÓSITO  
BENDOLLO

6. ALFONSO NÚÑEZ CALVO  
NOVAES

7. SECUNDINO RGUEZ. SOBRINO  
TOUCEDO

## Programa de actos da XXXVI Feira do Viño de Quiroga

### DÍA 17 DE MARZO:

Cata dos viños participantes na Feira do Viño

-As 12:30 h. **Desfile dos membros da Confraría do Viño de Quiroga** dende o Concello ata o Museo Etnográfico.

-As 13:00 h. **Acto oficial de cata** na sala de catas do Museo Etnográfico de Quiroga.

### DO DÍA 22 AO 30 DE MARZO:

**VII concurso “Quiroga de Tapas”**. Org. Área de Xuventude.

### VENRES, DÍA 30:

A partir das 17:00 h. **XIV Carreira popular “Feira do Viño”**. Org. Área de Deportes do Concello de Quiroga.

### SÁBADO, DÍA 31 :

**VIII Concurso de camisetas “Feira do Viño”**.

Org. Área de xuventude.

11:45 h. Inauguración do recinto feiral a cargo do Ilmo. Sr. **Director Xeral de Agader, D. Miguel Ángel Pérez Dubois**.

As 12:00 h. **Encuentro Infantil do Certame Celtibérico de Bandas de Gaitas:**

- **Desfile de Bandas pola Rúa Real**
- **Actuación das Bandas na Praza de España**

As 17:00 h. Actuacións polo recinto da feira da **Banda de Gaitas “San Martiño”**.

As 18:30 h. Recepción de autoridades no Museo Etnográfico.

As 19:00 h. no Auditorio Municipal:

- Actuacións musicais:

- **Coral Polifónica de Quiroga**
  - **Banda de gaitas “San Martiño”**
  - **Grupos de danza “San Martiño” e “Arume da Queiruga”**
- Entrega de premios **XV Certame “Cartas de Amor Vila de Quiroga”** convocado pola Área de Xuventude.

As 20:30 h. Pregón no palco a cargo da periodista **Carlota Corredera (presentadora, directora e colaboradora dos programas “Cámbiame” e “Sálvame” de Telecinco)**.

As 21:00 h. Festa popular amenizada polo **“Grupo Atenas”**.

As 21:15 h. **Entrega de premios do VIII Concurso de Camisetas “Feira do Viño”** no palco.

### DOMINGO, DÍA 1:

A partir das 12:00 h. Alborada e animación do recinto a cargo do **Grupo de Gaitas “Os do Recanto”**.

As 12:30 h. Recepción das autoridades no Museo Etnográfico.

As 12:45 h. Entrega de Trofeos aos colleiteiros no Museo Etnográfico.

As 18:00 h. Actuación da **Charanga “FUEGO”** no recinto da feira.